

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 10 DE MARZO DE 2014.

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DATA: 10 de marzo de 2014.

HORA DE COMEZO: 20:15 h.

HORA DE REMATE: 20:35 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D. Bernardino Faro Lagoa, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos e D. José Luis Gestido Porto.

AUSENTES: D^a Berta Pérez Hernández, D. Rafael Soliño Costas e D^a M^a Lucía Lede Fernández.

SUPLENTES: D. Jesús Manuel Graña Graña, D. Francisco Javier Soliño Soliño, D^a M^a Luisa Prieto Rial, baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS EN DATAS 24 DE FEBREIRO E 5 DE MARZO DE 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, deixar pendentes de aprobación os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas en datas 24 de febreiro e 5 de marzo de 2014.

SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

2º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 7.3.14, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"D. Estanislao Graña García, xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Ilmo. Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra),

En relación ao Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF), achégase proposta correspondente para:

* CONCEDERLLE a Dona Elena S. I., con expediente 36008/01/002295 - VI0000032936 pola quenda de dependencia."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

3º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN, CULTURA, PATRIMONIO, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/APROBACIÓN DAS BASES DOS PREMIOS DE CULTURA PARA O ANO 2014

Dase conta de proposta do día 26.2.14 do concelleiro de Educación, Cultura, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, referente a aprobación das bases dos Premios de Cultura para o ano 2014, que di o seguinte:

"D. José Luis Gestido Porto, concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado do Ilmo. Concello de Cangas,

Propón:

Que a Xunta de Goberno Local adopte o acordo de aprobación das bases dos premios da Cultura para o ano 2014, segundo o seguinte texto:

'PREMIOS DA CULTURA PARA O RECOÑECEMENTO PÚBLICO E INSTITUCIONAL

Co obxectivo de incentivar, cohesionar e ao mesmo tempo, recoñecer publicamente o labor de numerosas persoas e colectivos do noso minicipio que desenvolven un traballo inxente a prol da nosa cultura, do noso patrimonio e da creación artística, en calquera das súas múltiples facetas, o Ilmo. Concello de Cangas creou institucionalmente os

Premios de Honra; e no presente exercicio 2014 a Concellería de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado desenvólveos de acordo coas seguintes bases:

PREMIOS:

1.- PREMIOS 'XOHAN DE CANGAS':

1) 1.A.- 'PREMIO XOHAN DE CANGAS AO LABOR CULTURAL': *á persoa, colectivo ou entidade pública ou privada que se veña significando polo seu traballo na defensa e promoción da nosa cultura, en calquera dos seus eidos: música, baile, danza, audiovisuais, teatro, canto, animación sociocultural, tradición oral, cultura popular, etc.*

2) 1.B.- 'PREMIO XOHAN DE CANGAS Á CREACIÓN LITERARIA': *á persoa, colectivo ou entidade pública ou privada que se teña significado pola súa obra de creación en calquera das facetas da literatura.*

3) 1.C.- 'PREMIO XOHAN DE CANGAS MÚSICA': *á persoa, colectivo ou entidade pública ou privada que se teña significado pola súa obra de creación, difusión ou recuperación en calquera das facetas da música.*

4) 1.D.- 'PREMIO XOHAN DE CANGAS ARTES ESCÉNICAS E AUDIOVISUAIS': *á persoa, colectivo ou entidade pública ou privada que se teña significado pola súa obra de creación, difusión e recuperación en calquera das facetas das artes escénicas e audiovisuais.*

5) 1.E.- 'PREMIO XOHAN DE CANGAS A ARTES PLÁSTICAS': *á persoa, colectivo ou entidade pública ou privada que se teña significado pola súa obra de creación, difusión e recuperación das artes plásticas.*

2.- PREMIO 'IGNACIO CERVIÑO Á RECUPERACIÓN/PROMOCIÓN DO PATRIMONIO'

Dirixido a todas as persoas, colectivos ou entidades públicas ou privadas que se teñan distinguido por desenvolver iniciativas de investigación, recuperación, posta en valor, promoción... do noso patrimonio histórico, artístico, documental, medioambiental ou arquitectónico.

Neste apartado poderán ser premiadas tamén obras concretas que vaian en consonancia co obxecto do premio.

BASES:

1.- *Os premios consistirán nun recoñecemento oficial, non levando aparellada remuneración económica.*

2.- *Poderán presentar candidaturas todas as asociacións culturais, veciñais, artísticas e sociais do Municipio de Cangas, así como todos os partidos políticos e grupos municipais da corporación canguesa, ata o 15 de abril de 2014. As candidaturas debidamente motivadas presentaranse por escrito e asinadas polo promotor/a no Auditorio Municipal de Cangas, ou por correo electrónico: cultura@cangas.org.*

3.- *De entre todas as candidaturas, escollerá as gañadoras un xurado composto polos membros seguintes:*

* *O concelleiro de Cultura, Xuventude, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, que presidirá o xurado.*

* *Tres persoas de recoñecido prestixio, que non sexan candidatas na mesma edición e preferentemente premiados/as anteriormente. Estas persoas serán nomeadas polo Sr. concelleiro de Cultura a proposta do seu equipo técnico.*

* *Os/as seguintes técnicos/as da Área de Cultura, Educación e Patrimonio:*

- *O/a técnico/a responsable da área de Educación.*
- *O/a técnico/a responsable do Auditorio Municipal.*
- *O/a técnico/a responsable da área de Arte e Patrimonio.*
- *O/A director/a do Conservatorio ou da Escola de Música.*
- *Un/Unha técnico/a cultural adscrito/a ao Departamento de Cultura.*
- *Un/Unha bibliotecario/a responsable da Biblioteca Central ou das parroquiais, escollido/a entre eles.*

* *O/A técnico/a responsable da área de Urbanismo.*

Entre todos os membros do xurado escollerán un/unha secretario/a que actuará con voz e con voto e que levantará acta dos acordos.

4.- *Os galardóns entregaranse na 'Gala da Cultura' que se celebrará no Auditorio Municipal o sábado, 17 de maio de 2014, 'Día das Letras Galegas'."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita do concelleiro de Educación, Cultura, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, referente a aprobación das bases dos Premios de Cultura para o ano 2014.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN TEMPORAL DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE (TERRAZAS LIGADAS A ESTABLECEMENTOS HOSTELEIROS), INCLUÍDAS NO ANEXO AO PLAN DE OCUPACIÓN ANO 2014

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 10.3.14, referente a autorización para ocupación temporal do dominio público marítimo terrestre (terrazas ligadas a establecementos hosteleiros), incluídas no anexo ao Plan de ocupación ano 2014, que di o seguinte:

"AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN TEMPORAL DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE (TERRAZAS LIGADAS A ESTABLECEMENTOS HOSTELEIROS), INCLUÍDAS NO ANEXO AO PLAN DE OCUPACIÓN ANO 2014

PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Con rexistro de entrada do día 24 de xaneiro de 2014, recibíuse oficio do xefe do Servizo de Costas de Pontevedra expresando os criterios de actuación para a elaboración e explotación dos plans de ocupación con servizos de tempada nas praias durante a temporada estival do ano 2014. Así mesmo, a Xefatura Provincial de Costas, insta aos concellos, como en anos anteriores, a constituírse en xestores do programa de autorización de explotacións.

O anuncio remitido polo Servizo Provincial de Costas, no cal se instaba a todos os interesados a presentar solicitudes de autorización para a explotación de servizos de tempada nas praias do noso municipio, foi exposto no taboleiro de anuncios do concello.

Con base nas concesións autorizadas polo Servizo Provincial de Costas no ano pasado, e xunto coas solicitudes e propostas dos interesados/as, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO.- Procédase á aprobación do ANEXO das autorizacións para ocupación temporal do dominio público-marítimo terrestre (TERRAZAS LIGADAS A ESTABLECEMENTOS HOSTELEIROS) que se achega coa presente proposta e, en virtude deste, solicítese do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra, as preceptivas autorizacións para a instalación dos servizos relatados."

"ANEXO AO PLAN DE OCUPACIÓN CON SERVIZOS DE TEMPORADA NA ZONA DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE DO CONCELLO DE CANGAS (TERRAZAS LIGADAS A ESTABLECEMENTOS HOSTELEIROS)

Na data 24 de xaneiro de 2014 achegouse escrito do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra remitindo a circular comprensiva dos criterios a ter en conta na elaboración e explotación de servizos de tempada do Concello de Cangas.

Unha vez examinada a mencionada circular, os pedimentos previas realizadas polos interesados/as, e as necesidades en canto a servizos que se presentan cada tempada, se considera preciso cubrir os servizos de tempada, ligados a establecementos hosteleiros, nas localizacións que a continuación se indican:

a) Paseo de Rodeira:

(1) Unha terraza de 50,00 m²., vinculada ao establecemento denominado 'Trébula', do 10 de abril de 2014 ao 10 de outubro de 2014.

Torre de Aldán, S.L., CIF: B94017068, Estrada do Hío a Vilanova, nº 49-Vilanova-O Hío, Cangas. (Teresa Fidalgo López, DNI: 36044460-X)

A situación de cada unha das ocupacións solicitadas é a que se sinala nos planos anexos. "

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita, referente a autorización para ocupación temporal do dominio público marítimo terrestre (terrazas ligadas a establecementos hosteleiros), incluídas no anexo ao Plan de ocupación ano 2014.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente

